



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO PARA O DÍA XOVES 30 DE XULLO DE 2026

En cumprimento do previsto no artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no 78 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e no 16 do Regulamento orgánico municipal, e segundo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal o 7 de xullo de 2023,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria do **Pleno da Corporación Municipal** para:

- ➔ Día: xoves 30 de xullo de 2026.
- ➔ Hora: 20,00.
- ➔ Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello.

Coa seguinte orde do día:

PARTE I. ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 25 DE XUÑO DE 2026.
2. APROBACIÓN DA RELACIÓN DEFINITIVA DE BENS E DEREITOS AFECTADOS POLAS OBRAS DE "MELLORA VIARIO EXTRAMUNDI DE ABAIXO E OUTRO" INCLUÍDAS NO POS+ 2024 E DA SÚA ADQUISICIÓN POR MUTUO ACORDO.
3. APROBACIÓN DA RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS POLAS OBRAS DE "MELLORA DE PAVIMENTO DE IGREXA DE SANTA MARÍA DE HERBÓN A RÍO ULLA" INCLUÍDAS NO POS+ ADICIONAL 2/2024.
4. MOCIÓN PRESENTADA POLO BNG PARA A REPARACIÓN DOS DANOS CAUSADOS POLO INCENDIO DE HERBÓN-CARCACÍA, A INVESTIGACIÓN DA XESTIÓN DA EXTINCIÓN E O REFORZO ESTRUCTURAL DAS POLÍTICAS DE PREVENCIÓN E LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS.
5. APROBACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2027.
6. MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POPULAR RELATIVA Á LICITACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)

PARTE II. CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

7. DACION DE CONTA DOS DECRETOS DO ALCALDE DO NÚMERO 672/2026 AO NÚMERO 798/2026.
8. DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DO ALCALDE NÚMERO 626/2026, DO 4 DE XUÑO, POLO QUE SE MODIFICOU A COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE PADRÓN, ESTABLECIDA NO DECRETO 475/2023, DE 3 DE XULLO.
9. DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DO ALCALDE NÚMERO 684/2026, DO 25 DE XUÑO, POLO QUE SE DELEGARON NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL COMPETENCIAS ATRIBUÍDAS Á ALCALDÍA.
10. ROGOS E PREGUNTAS.

Segundo. Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro electrónico do Concello de Padrón (<https://sede.padron.gal/>) e no de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do

Concello (www.padron.gal), dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas membros do Pleno poñendo á súa disposición todos os asuntos incluídos na orde do día no Portal de Cargos Electos accesible dende a sede electrónica do Concello de Padrón (<https://sede.padron.gal/>), coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca